



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O REFORZO DA OFICINA DE CONSUMO COA QUE CONTA A FEGAMP CO OBXECTO DE MELLORAR OS SERVIZOS DE INFORMACIÓN ÁS PERSOAS CONSUMIDORAS NOS CONCELLOS GALEGOS DE MENOS DE 10.000 HABITANTES OU QUE CARECEN DE OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR

En Santiago de Compostela, a 28 de setembro de 2023

Dunha parte o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en adiante IGCC), e no seu nome, o seu director , , actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 13 dos estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016) , e o artigo 1 da Resolución do 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74, do 18 de abril de 2017)

E doutra a FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (en adiante FEGAMP) e no seu nome e representación, o seu presidente, , que actúa en virtude das competencias contidas no artigo 46.1.b) dos Estatutos da Federación Galega de Municipios e Provincias, aprobados en asemblea ordinaria do 4 de decembro de 2003.

Ambos os dous comparecentes recoñécense capacidade xurídica abondo, subscriben en nome das respectivas entidades este convenio e para o efecto,

EXPOÑEN :

Primeiro. Que o IGCC é un organismo autónomo adscrito organicamente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación que, de



acordo co Decreto 118/2016, do 4 de agosto, desenvolve unha ampla gama de fins relativos á defensa, promoción e información, e en definitiva, á protección do consumidor e usuario, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e a disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección das persoas consumidoras e usuarias. Entre os mencionados fins, atópase o de cooperación con outras entidades para a persecución dos obxectivos que lle son propios.

Segundo. Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP en adiante) é a única entidade asociativa das entidades locais de ámbito autonómico e, de conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está recoñecida polas entidades locais galegas como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria e terá as facultades derivadas da súa representatividade, constituíndo un excelente marco para realizar a difusión, coordinación e execución de determinadas programacións nos concellos e provincias ás que representa.

Terceiro. Que a FEGAMP conta cunha oficina de atención ao consumidor que serve de apoio a todos os concellos de Galicia, especialmente os de menos de 10.000 habitantes ou que carecen de oficina municipal de información ao consumidor (en adiante OMIC), poñendo a disposición dos concellos de Galicia a súa infraestrutura, medios materiais e humanos, organización e capacidade de xestión en temas que afecten ás persoas consumidoras. A través desta oficina a FEGAMP mantén asesorados aos responsables dos concellos en temas relacionados cos dereitos e deberes das persoas consumidoras e usuarias, do proceso e trámites a seguir unha vez presentada unha reclamación, así como da recepción, mediación, xestión e alegacións recibidas. Ao mesmo tempo cando non se pode chegar a un acordo satisfactorio, informa sobre a vía da arbitrase de consumo ou derivación do expediente ao organismo competente para que resolva.

Cuarto. Que a colaboración entre o IGCC e a FEGAMP xa se ven articulando dende o ano 1998, aínda que de xeito intermitente, por medio de convenios de



colaboración, ao entender que estes constitúen o instrumento máis idóneo para acadar aquelas finalidades de vinculación da administración de consumo e os concellos de Galicia. O último convenio asinado nesta colaboración intermitente data do ano 2018.

Quinto. Que na actualidade, tanto as dúbidas e consultas como o número de reclamacións das persoas consumidoras, víronse incrementadas dunha forma notoria, en especial as referentes aos problemas relacionados coa subministración enerxética, o comercio electrónico e os servizos dixitais, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa Comunidade Autónoma, como consecuencia de continuos cambios normativos e alteracións na maneira na que se configuran os prezos no ámbito da enerxía e no caso do comercio electrónico a proliferación de inseguridade e fraudes na compra por Internet .

A necesidade de dar información, asesoramento e resposta a todas as dúbidas existentes por parte das persoas consumidoras, especialmente aquelas que residen en concellos galegos de carácter rural, motivan a conveniencia da sinatura do presente convenio.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia considera que concorren na sinatura deste convenio razóns de interese público xa que se está a impulsar a realización de actividades de interese xeral en materia de información e asesoramento á persoa consumidora, contribuíndo á posta en marcha de actuacións para alcanzar unha resolución das dúbidas , consultas e reclamacións emitidas desde os concellos rurais de Galicia dunha forma máis eficaz e áxil e lograr evitar problemas que deixen ás persoas consumidoras nunha posición de indefensión.

Sexto. De conformidade coas consideracións anteriormente expostas dáselle cumprimento ás esixencias previstas nos artigos 19.4.c) e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non resultando posible promover a concorrencia en base á especificidade da FEGAMP que, de acordo cos seus fins estatutarios, desenvolverá actuacións de promoción, representación e defensa dos intereses das



entidades locais de Galicia ante outras administracións públicas, figurando dentro das súas funcións, a constitución de servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros e considerando, ademais, as características das actividades obxecto deste convenio, actividades que só a FEGAMP pode realizar tendo en conta o antedito recoñecemento como entidade máis representativa das entidades locais galegas.

Ao abeiro do exposto e coa finalidade de levar a cabo as actuacións de conformidade co obxectivo previsto, as partes asinantes acordan formalizar o convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración entre o IGCC e a FEGAMP para a realización dunha serie de actuacións de interese público xeral consistentes na prestación dun apoio e asesoramento aos concellos de Galicia en materia de asistencia, asesoramento e información sobre os dereitos das persoas consumidoras en materia de consumo e defensa das persoas consumidoras, especialmente en concellos de menos de 10.000 habitantes ou que non conten con OMIC, a través do reforzo da oficina de atención ao consumidor coa que conta a FEGAMP.

Segunda. *Financiamento*

Para o financiamento dos gastos que xeren as actividades obxecto deste convenio e que se recollen na cláusula primeira e cuarta, o IGCC destinará a cantidade total de 11.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 05.80.613A.460.0 do seu orzamento de gastos para o ano 2023.

O pagamento desta achega realizarase logo da xustificación dos gastos nos termos sinalados na cláusula novena deste convenio.



Este convenio será compatible con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de maneira que, en ningún caso, o seu importe sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, supere o custo da actividade subvencionada.

Terceira. *Compromisos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia*

O compromiso do IGCC, neste convenio, limítase a facer a achega dos fondos públicos para o reforzo da oficina de consumo coa que conta a FEGAMP para a realización do obxecto sinalado neste convenio.

Cuarta. *Compromisos e obrigas asumidos pola Federación Galega de Municipios e Provincias*

A FEGAMP comprométese a poñer a disposición dos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes ou que non contén cunha OMIC a súa infraestrutura, medios materiais e humanos, organización e capacidade de xestión para acadar o obxectivo do convenio.

No marco deste convenio, en relación cos concellos que non contén cunha OMIC asumirá como mínimo, os compromisos e obrigas de:

- Recepción das peticións de asesoramento en materia de consumo e defensa das persoas consumidoras.
- Apoio á formulación de reclamacións a través das ferramentas dixitais establecidas na web do IGCC por parte das persoas consumidoras que así o soliciten.
- Realización de labores de mediación en todas aquelas reclamacións nas que se aprecien irregularidades para a súa resolución e no caso de non prosperar esta, ofertar a vía da arbitrase de consumo.
- Tramitación das reclamacións non resoltas tras a celebración da mediación ao IGCC.



- Reforzo da oficina de atención ao consumidor da FEGAMP coa prestación do servizo de apoio e asesoramento que contará como mínimo cunha persoa titulada universitaria de licenciatura, grao ou título equivalente expedido por un centro de ensinanza superior con cargo á achega económica recollida neste convenio.
- Elaboración dunha base de datos de todos os Concellos de Galicia que contén cunha OMIC. En dita base de datos figurarán os datos identificativos (Concello, dirección, teléfono, persoa de contacto, correo electrónico,...) da OMIC a efectos de posibles comunicacións ou xestións que se teñan que levar a cabo por mor deste convenio.
- En xeral, as previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a realización de todas estas actuacións especificadas nesta cláusula cuarta do convenio, a FEGAMP poderá pedir a información necesaria e apoio ao IGCC co fin de que ditas actuacións se leven a cabo da cordo coa lexislación vixente e protocolos esixidos.

Na difusión pública que se realice do proxecto obxecto deste convenio, consignarase expresamente a referencia ó IGCC e á FEGAMP como entidades que impulsan conxuntamente as actuacións que desenvolve este convenio.

O incumprimento total ou parcial de calquera das obrigas, condicións ou finalidades establecidas neste convenio, así como a falsidade comprobada en relación cos datos achegados para a súa obtención, orixinará, á vista da natureza e causas do incumprimento, a revogación ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora, nas condicións e de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. Obrigas previas á sinatura do convenio

Con carácter previo á subscripción deste convenio, a FEGAMP acreditará, ante o IGCC, o seguinte:



1.- Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá ser substituída pola autorización ao IGCC para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou ben por unha declaración responsable do solicitante, consonte o artigo 11.h do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para o funcionamento e cumprimento das funcións da FEGAMP obxecto deste convenio. A declaración presentada acompañarase do Anexo II.

Sexta. *Fiscalización e control*

O IGCC resérvase a facultade de realizar as comprobacións ou controis que considere necesarios, co propósito de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede a achega económica prevista no convenio. Así, tanto os beneficiarios, entidades colaboradoras e terceiros que sexan beneficiarios da achega que se contempla no convenio, estarán obrigados a prestar colaboración e a facilitar canta documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ou no seu caso, ao control realizado polo Consello de Contas e demais órganos competentes.

Sétima. Comisión de Seguimento

1. Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio, créase unha comisión de seguimento, de carácter paritaria, formada por dous representantes do IGCC e dous da FEGAMP.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

2. As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes.
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas.
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas.
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas.

Oitava. Vixencia, extinción do convenio e causas de resolución

1.- O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2023.

2.- Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.

3.- Este convenio extínguese polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

4.- Son causas de resolución do presente convenio:

- a. Incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b. Transcurso do tempo estipulado sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- c. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación. Neste suposto, unha vez comprobada a adecuada xustificación, serán aboados os gastos efectivamente realizados para o desenvolvemento da actividade obxecto do convenio
- d. Acordo mutuo das partes.



Toda alteración das condicións recollidas no presente convenio poderá dar lugar á súa modificación. A dita modificación formalizarase sempre mediante unha addenda.

En virtude da normativa vixente na Comunidade Autónoma de Galicia, este convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Novena. Xustificación e pago das actuacións previstas

1. Para cobrar a totalidade do importe do convenio, a FEGAMP deberá presentar a xustificación do mesmo antes do 1 de decembro de 2023.

Consideraranse subvencionables os gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades obxecto deste convenio e se correspondan coas actividades derivadas da cláusula primeira e cuarta e se realicen dentro do período de vixencia deste convenio.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non obstante, para a xustificación do convenio poderán terse en conta xustificantes de gastos devindicados correspondentes ó período de vixencia do convenio que á data de xustificación do mesmo aínda non foran efectivamente pagados, sempre e cando se refiran ós gastos de cotas patronais e obreiras de Seguridade Social e os relacionados con obrigas tributarias concernentes ó IRPF.

Para os efectos de control e verificación dos gastos incluídos neste suposto, a documentación adicional acreditativa destes pagamentos presentarase, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2024.



Consideraranse subvencionables, respecto da oficina de atención ao consumidor coa que conta a FEGAMP os seguintes gastos:

-Gastos do persoal da FEGAMP que realice tarefas de apoio e asesoramento aos concellos de Galicia en materia de asistencia, asesoramento e información sobre os dereitos das persoas consumidoras en materia de consumo e defensa das persoas consumidoras obxecto deste convenio.

-Gastos de funcionamento e mantemento da oficina onde se presten os servizos de apoio e asesoramento, como subministración de luz e auga , teléfono, correos e postais.

Os importes máximos autorizados para cada gasto subvencionable e:

-GASTOS DE PERSOAL: 9.300 EUROS

-GASTOS DE SUBMINISTRACIÓN DE LUZ E AUGA: 550 EUROS

-GASTOS DE TELÉFONO: 750 EUROS

-GASTOS DE CORREOS E POSTAIS: 400 EUROS

Poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos distintos conceptos de gasto nunha contía de ata un $\pm 10\%$ do importe asinado a cada un dos ditos conceptos e compensarse entre sí as partidas nesas desviacións.

No anexo III figura o desglose de conceptos, importes e porcentaxes de imputación dos gastos subvencionables do convenio.

2.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos neste convenio realizarase mediante a remisión, por parte da FEGAMP, ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, da seguinte documentación:

- a) Declaración responsable do representante legal da entidade ou da persoa que teña atribuídas as facultades para o rendemento da conta xustificativa, do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.
- b) Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa, segundo o

modelo recollido no Anexo I, que inclúa o seguinte:

- Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado, na que se especificarán en detalle as actividades realizadas e os resultados obtidos en base á cláusula cuarta deste convenio.
 - Memoria económica abreviada xustificativa do custo deste convenio que conterá unha relación clasificada por conceptos dos gastos realizados , con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento e a súa porcentaxe de imputación ao convenio. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable legal da entidade. Os gastos figurarán ordenados e desagregados por conceptos. Ademais do formato papel entregarase en formato dixital, como folla de cálculo, de acordo aos modelos establecidos no anexo I.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 11.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e achegala cando sexa requirida polo órgano concedente para a revisión e control da xustificación da subvención e no seu caso pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para as actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.
- d) Declaración responsable de non ter solicitadas axudas ou, no seu caso, das que teña solicitadas, así como das concedidas por outras administracións públicas ou por calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para o funcionamento e cumprimento das funcións da FEGAMP. A declaración presentada acompañarase do Anexo II.
- e) Certificados de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- f) Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento.

O pagamento da achega económica realizarase, de conformidade co artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo importe máximo e coas condicións establecidas na cláusula cuarta deste convenio

Polo tanto, unha vez presentada esta documentación xustificativa realizarase o pagamento do 100% do importe da achega. Non obstante, procederase a minorar a subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio teñan un custo inferior ao importe total, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente das actuacións.

Décima. *Non existencia de relación laboral*

A subscrición do convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o IGCC, de tal xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo primeira. *Transparencia e publicidade da colaboración*

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web do IGCC, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de



axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración do IGCC e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.

4.- Este convenio e as actuacións administrativas que del se deriven estarán sometidas ás obrigas de información activa e pasiva que se establecen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais lexislación aplicable en materia de transparencia.

Décimo segunda. *Protección de datos*

Calquera transmisión de información quedará limitada pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como polo respecto ao dereito de confidencialidade cara terceiros

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Décimo terceira. *Natureza xurídica e réxime xurídico*

1 - Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2 - Este convenio rexerese polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991



(DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3 - En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 21 de xullo, e do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

4 - As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, polo IGCC, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O DIRETOR DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA.	O PRESIDENTE DA FEGAMP
---	------------------------



ANEXO I

MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O REFORZO DA OFICINA DE CONSUMO COA QUE CONTA A FEGAMP CO OBXECTO DE MELLORAR OS SERVIZOS DE INFORMACIÓN ÁS PERSOAS CONSUMIDORAS NOS CONCELLOS GALEGOS DE MENOS DE 10.000 HABITANTES OU QUE CARECEN DE OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR NO ANO 2023.

D., como representante da FEGAMP con NIF....., enderezo en e beneficiaria do Convenio de Colaboración co Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) por un importe de €, declara baixo a súa responsabilidade ter realizado un gasto por importe de € e, en cumprimento do disposto na cláusula novena do devandito convenio, rende ante a dito IGCC a conta xustificativa do gasto realizado composto por unha Memoria de Actuacións que se acompaña e unha Memoria Económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas que se acompaña e que inclúe os Cadros 1 e 2.

En....., a de de 2023

CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS (EXCEPTO PERSOAL PROPIO)

Nome do beneficiario:

NIF do Beneficiario:

REF.(1)	Descrición do gasto ou concepto(2)	Proveedor	NIF proveedor	Nº factura	Data factura	Data Pagamento	Importe total factura/pago	% imputación	Importe imputado
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
xx									
TOTAL									

NOTAS explicativas:

(1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia

(2) Indicarase a categoría de gasto segundo o tipo de gasto subvencionable:

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria

CADRO 2: RELACIÓN DE GASTOS : PERSOAL PROPIO)

Nome do beneficiario:

NIF do Beneficiario:

REF.(1)	Nome e apelidos	DNI	Posto traballo(2)	Salario bruto (3)	Custo SS a cargo do beneficiario (4)	Custo total persoal (5)	% imputación ao convenio (6)	Custe total imputado ao convenio
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								
xx								
TOTAL								

(1) Achéguese os documentos segundo esta orde de referencia

(2) Indicar o posto de traballo da persoa

(3) Salario bruto (antes de ningunha dedución) correspondente ao período de aplicación do convenio.

(4) Cota patronal a cargo do beneficiario correspondente ao período de aplicación do convenio.

(5) Salario Bruto + Custo SS a cargo do beneficiario.

(6) Porcentaxe, respecto do total de horas do seu contrato laboral, que o traballador dedica exclusivamente ao convenio.

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN DE AXUDAS

En relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para as mesmas actuacións obxecto deste convenio.
- Solicitou outras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.
- É beneficiario doutras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.

Relación de axudas solicitadas e concedidas:

Actividade para a que se solicita ou concede a axuda	Organismo que concede a axuda	Ano	Axuda solicitada	Axuda Concedida	Importe subvencionable	Porcentaxe de concesión	Axuda concedida (€)	Data de concesión	Disposición reguladora

Así mesmo, a partir da data desta declaración, comprométome a comunicar as axudas que obteña e/ou solicite para as mesmas actuacións.

Nome, apelidos e sinatura do representante legal e selo entidade beneficiaria

**ANEXO III
DESGLOSE GASTOS IMPUTABLES**

CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO . CADRO GASTOS FUNCIONAMENTO EXCEPTO PERSOAL

TIPOLOXIA GASTO	GASTO TOTAL ACTIVIDADES FEGAMP (obxecto do convenio)	% IIMPUTACION DO GSTO AO CONVENIO	GASTO MAXIMO AUTORIZADO IMPUTABLE AO CONVENIO
LUZ E AUGA	1.800	30%	540
TELEFONO	1.875	40%	750
CORREOS E POSTAL	800	50%	400

CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO . CADRO PERSOAL

CATEGORIA	SALARIO BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL MENSUAL	CUSTE TOTAL MENSUAL	% IMPUTACION ao IGCC do total do custo	IMPORTE IMPUTADO MENSUAL	Nº MESES	TOTAL
TECNICO SUPERIOR LIC DEREITO	3396,64	1.270,80	4.666,72	80%	3.733,38	2,5	9.333